



Como vivimos os cidadáns europeos?

Cales son as nosas preocupacións?

Estamos satisfeitos coas nosas institucións políticas?

Como inflúe a crise económica na nosa vida?

Como avaliamos o funcionamento da policía e do sistema xudicial?

### Algúns resultados da anterior edición (2008-2009):

Avaliación media do sistema sanitario		Avaliación media do sistema educativo		Satisfacción co funcionamento da democracia	
0: Moi mal 10: Moi ben		0: Moi mal 10: Moi ben		0: Completamente insatisfeito 10: Compl. satisfeito	
Bélxica	7,41	Finlandia	7,72	Dinamarca	7,36
Suíza	6,99	Dinamarca	7,47	Suíza	6,92
Finlandia	6,64	Bélxica	6,56	Noruega	6,68
Israel	6,26	Suíza	6,54	Chipre	6,57
Holanda	6,18	Noruega	6,32	Finlandia	6,52
España	6,12	Estonia	5,86	Suecia	6,47
Suecia	6,04	Holanda	5,79	Holanda	6,23
Francia	6,02	Chipre	5,75	Espania	5,82
Noruega	6,00	Reino Unido	5,75	Alemaña	5,54
Reino Unido	5,95	Suecia	5,68	Bélxica	5,17
Dinamarca	5,81	Polonia	5,64	Israel	5,07
Chipre	5,79	Eslovenia	5,55	Eslovaquia	4,96
Estonia	5,06	Eslovaquia	5,35	Reino Unido	4,87
Eslovenia	4,82	España	5,22	Polonia	4,80
Alemaña	4,69	Francia	5,02	Eslovenia	4,75
Eslovaquia	4,40	Hungría	4,57	Francia	4,58
Portugal	4,33	Rumanía	4,54	Estonia	4,52
Hungría	3,79	Alemaña	4,49	Portugal	4,05
Polonia	3,78	Portugal	3,97	Rumanía	3,94
Rumanía	3,56	Bulgaria	3,88	Hungría	3,01
Bulgaria	3,19	Israel	3,88	Bulgaria	2,43

Se desexa obter máis información, pode consultar as páxinas web da Enquisa Social Europea:  
<http://www.upf.edu/ess/> (en castelán)  
<http://www.europeansocialsurvey.org> (en inglés)

Se ten alguna dúbida sobre cando irán a entrevistalo, pode chamar ao teléfono gratuito:

**900 101 493**



# A Enquisa Social Europea



## Que é a Enquisa Social Europea?



Estas son algunhas das preguntas ás que tenta dar resposta a Enquisa Social Europea, un estudo comparado realizado en máis de 30 países de todo o continente, que ten a finalidade de coñecer as opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política.

Este rigoroso estudo, que se fai cada dous anos desde 2002, afonda no coñecemento dos valores dos cidadáns europeos recollendo información de grande interese para a comunidade científica, as administracións públicas e os medios de comunicación.

### Quen fai a enquisa?

A Enquisa Social Europea é un proxecto promovido pola Comisión Europea (CE) e a Fundación Europea da Ciencia (European Science Foundation, ESF), un organismo non gubernamental sen ánimo de lucro que promove a investigación en Europa. O Ministerio de Ciencia e Innovación (MICINN) financia a enquisa en España, coa colaboración do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS). O proxecto está coordinado polo Prof. Dr. Mariano Torcal Lorient (Universitat Pompeu Fabra, UPF).

O Coordinador Nacional, xunto con un equipo de investigadores e profesores de distintas universidades españolas e en colaboración con un equipo internacional de investigadores e profesores de varias universidades europeas, coordina a realización da enquisa en España. Metroscopia, instituto adicado á realización de estudos de opinión, é o encargado de levar a cabo a enquisa.

### Un retrato da sociedade española e europea

Vostede é unha das máis de 2.800 persoas maiores de 15 anos elixidas ao azar para realizar este “retrato robot” das opinións, actitudes e costumes da sociedade española.

Na entrevista faránselle as mesmas preguntas ás que contestarán preto de 55.000 cidadáns europeos. As respostas dos entrevistados permitirannos coñecer con precisión en que medida os cidadáns españois compartímo-las opinións e valores dos cidadáns doutros países europeos.

## Como e cando pode participar na enquisa?

Nos vindeiros días, profesionais de Metroscopia poranse en contacto con vostede para fixa-la hora e lugar da entrevista. Tódolos entrevistadores estarán axeitadamente identificados. A entrevista ten aproximadamente unha hora de duración.

### Vostede non pode ser substituído!

Vostede foi elixido ao azar polo Instituto Nacional de Estadística (INE) entre tódalas persoas residentes en España. A súa colaboración é, polo tanto, esencial, xa que para poder dispor de datos fiables e representativos da poboación española non podemos entrevistar a ningunha outra persoa no seu lugar.

Sexa cal sexa o seu estilo de vida, os seus gustos e as súas opinións, as súas respostas son moi importantes para o éxito deste estudo. Coa súa colaboración estanos axudando a realizar un retrato colectivo de como son e como pensan os españois e os europeos.

Naturalmente, a súa colaboración é voluntaria, pero se vostede non participa, en ningún caso poderemos substituír as súas respostas coas doutra persoa.



## Que se fai coas súas respostas?



Debe saber que tódala información recollida a través deste estudio está suxeita á lexislación española sobre protección de datos. Os datos nunca serán tratados de xeito individual, senón agregado. O seu anonimato e o das súas respostas quedan, pois, absolutamente garantidos. Así que Metroscopia teña rematadas as enquisas e completado o traballo de campo, tódalas súas respostas serán anonimadas, é dicir, os seus datos persoais desaparecerán da base de datos resultante. De calquera xeito, e segundo prevé o artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o entrevistador proporcionarlle un documento para que poida facer constar por escrito o seu consentimento para o tratamento estatístico dos datos.

O Ministerio de Ciencia e Innovación, coma responsable do proxecto perante a European Science Foundation, é o organismo encargado do tratamento dos datos. Amais, comunicámoslle que, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, pode exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos dirixíndose a Metroscopia, S.L. C/General Yagüe, 6 bis, 28020 Madrid.

